

Obxecto:	Informe Documentación adicional ao Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Alto de Montouto
Concellos:	A Cañiza e Covelo (Pontevedra)
Promotor	ALTO DE MONTOUTO S.L.
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2017/18
Expte.:	03.I.480.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA2070/2015 (Servizo de Arquitectura)

O 18.03.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se da traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data de remisión 22.02.2021, e facilítase o enlace web para descargar a documentación aportada polo promotor.

ANTECEDENTES E FEITOS

En data de 19.02.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe en relación aos documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Alto de Montouto* (maio 2020), *Proxecto técnico Parque Eólico Alto de Montouto. Julio 2019* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Alto de Montouto. Julio 2019*, promovidos por Alto de Montouto S.L. No dito informe sinalábase a necesidade de:

- Comprobar a RE36009001 Túmulo de Picouto para confirmar a existencia do ben arqueolóxico, de ser necesario rozarase a zona, sempre baixo supervisión arqueolóxica. De confirmarse a presenza do túmulo avaliarase o impacto das obras sobre o mesmo e estableceranse as medidas correctoras oportunas.
- Modificar a traza do viario deseñado sobre pista a acondicionar que afecta ao ben Mámoa 1 do Alto do Montouto GA36009017, de maneira que non ocasione afección ao túmulo e quede o máis afastada posible deste. A nova traza deberá acordarse cos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o seu impacto sobre o ben terá que ser avaliado.
- Modificar no senso de eliminar o aeroxerador 1 ou buscarlle outro emprazamento cara ao sur, onde se atopan o resto dos aeroxeradores.
- Retranquear o aeroxerador 2 de modo que quede fora do contorno de protección dos bens Mámoas 1, 2 e 3 do Alto do Montouto (GA36009017-043-044), no seu desprazamento non poderá achegarse máis ás cruces do Alto de Montouto. A nova posición deberá ser avaliada.
- Todas estas modificacións do proxecto e os seus impactos deberán ser informadas polos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm.190, do 18.09.2020)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*

A documentación agora remitida contén a reposta do promotor aos condicionantes e recomendacións feitas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe do 19.02.2021.



Inclúe asemade, no seu apéndice 1, un Anexo á Memoria de Avaliación de Impacto Arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico Alto de Montouto, asinada pola arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín. O apéndice 2 da nova documentación contén infografías da nova configuración proposta para os aeroxeradores 1 e 2. O promotor, tamén facilita infografías sobre a relación visual entre os aeroxeradores situados no alto do monte e o conxunto das 3 cruces.

De acordo con esta nova documentación:

- Verificación da referencia RE36009001 *Túmulo de Picouto*. Ante a imposibilidade da comprobación pola abundante vexetación, propónse a roza da vexetación (previo permiso dos propietarios da parcela) con con rozadora manual e baixo supervisión arqueolóxica. No caso de confirmarse a presenza dun xacemento arqueolóxico, se comunicará á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e presentárase una avaliación de impacto e medidas correctoras específicas.
- Modificación da traza do vieiro V-2. Propónse unha nova traza para vieiro V-2 (agora denominado Vial V-2 Modificado) que parte do Vial V1-T-1 e discorre polo W do xacemento Mámoa 1 do Alto do Montouto (GA36009017) a uns 24 m (convén recordar que o vieiro antigo V-2 acondicionaba unha pista existente que seccionaba parte do xacemento. Dita pista quedará inutilizada (no operativa) e sobre ela realizaranse traballos de restauración e re-vexetación nunha superficie duns 1.094 m².
- Modificación da localización da máquina A2 en relación ás mámoas 1, 2 e 3 do Alto do Montouto (GA36009017-043-044). Desprázase o aeroxerador A2 57 m ao NW, de xeito que atoparase a:
 - 190 m ao SW do xacemento Alto do Montouto 1(GA36009017),
 - mais de 200 m ao SW dos túmulos Alto de Montouto 2 e 3 (GA36009043-044).
- Modificación da localización da máquina 1 en relación coas cruces do Alto de Montouto. Xustifícase a imposibilidade de desprazar o aeroxerador A1 debido a unha serie de condicionantes como son a existencia de dúas liña de alta tensión e a proximidade doutro parque eólico en proxecto, polo que se procede a desprazalo o máximo posible cara ao norleste, eliminando ademais a zona de acopio proxectada nun principio.

Tendo en conta a nova documentación achegada infórmase o seguinte :

Estudo de Impacto Ambiental (remitido o 15.10.2020)

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do parque eólico Alto do Montouto de 21 W MW de potencia total, que constará de 5 aeroxeradores, de 4,2 MW de potencia nominal, 112 m de altura de buxe e 136 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, zonas de amoreamento de materiais, drenaxes lonxitudinais e transversais, plataformas de montaxe e áreas de manobras, gabias de cableado, arquetas e centro de seccionamento e medida.
- O parque eólico Alto de Montouto compartirá subestación co parque eólico Alto da Telleira, esta subestación terá carácter de subestación colectora para varios parques da contorna. A conexión entre o parque eólico Alto de Montouto e a SEC Alto da Telleira realizarase mediante unha liña eléctrica soterrada con inicio nos centros de transformación do aeroxeradores e fin na dita subestación.
- A alternativa elixida é a A, con menor número de aeroxeradores e menor ocupación de terreo.
- Os accesos ao parque eólico proxéctanse desde a N-120 a altura do Alto de Fonfría. Para minimiza a creación de novos viarios empregaranse os camiños xa existentes acondicionados. Nos tramos nos que non se podan usar os camiños existentes, procurarse que os viario discorran en desmante aberto, evitando a realización de trincheiras, ou media ladeira compensando volumes con produtos do desmante.
- No subapartado 7.4.9 *Inventario del patrimonio histórico-artístico y arqueológico*, do punto 7 *Inventario ambiental*, relaciónanse os elementos do patrimonio cultural identificados dentro do ámbito do proxecto nos traballos arqueolóxicos realizados. Dentro do subapartado 7.4.10 *Actividades recreativas* é de destacar a celebración de dúas romarías no Santuario de Santa María da Franqueira, declaradas de interese turístico autonómico.



- No subapartado *8.4.18 Arqueología y patrimonio* do punto *8 Identificación y valoración del Impacto Ambiental*, recóllese un resumo das valoracións dos impactos sobre os bens culturais remitindo ao Anexo H: Estudio Arqueológico.
- Dentro do punto *10 Medidas protectoras y correctoras*, no subapartado *10.1.9 Prospecciones arqueológicas en la zona de obras*, recóllese diversas medidas para evitar as afeccións aos bens culturais como: a sinalización dos xacementos arqueolóxicos na planimetría de obra, a comunicación ao equipo de arqueoloxía de todos os movementos de terras, amoreamentos ou modificacións non previstas no proxecto, a restrición das obras áreas marcadas na planimetría, a prohibición do tránsito e estacionamento de maquinaria fora das áreas habilitadas, etc... Contéplase a realización dun seguimento arqueolóxico das obras se "así o require a administración competente na materia".
- No apartado *10.2. Medidas de carácter específico*, no subapartado *10.2.8 Arqueología* relaciónanse de maneira resumida as medidas específicas para cada elemento patrimonial que aparecen descritas detalladamente no Anexo H: Estudio Arqueológico.
- O Anexo H *Evaluación del Impacto Arqueológico*, recolle os resultados da intervención Prospección Arqueolóxica para a Avaliación do Impacto Arqueolóxico do PE Alto de Montouto e liña de evacuación (Covelo e A Cañiza, Pontevedra) (ED 102A 2018/158-0), dirixida pola arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín, realizada no ámbito de implantación do parque, valóranse os seus impactos sobre o patrimonio cultural e propóñense medidas cautelares e correctoras. Inclúense fichas de impacto nos bens individualizadas.

Posteriormente, en data 18.03.2021 o promotor presentou o documento *Anexo á Memoria de Avaliación de Impacto Arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico Alto de Montouto*, no que se modifica o proxecto de acordo co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 19.02.2021.

Tendo en conta as modificacións introducidas na documentación adicional presentada o 18.03.2021 e a valoración do impacto feita no Anexo á Memoria de Avaliación de Impacto Arqueolóxico, os impactos sobre bens do patrimonio cultural son os seguintes:

COD	ELEMENTO	CAUSA DO IMPACTO E XUSTIFICACIÓN	IMPACTO
GA36009017	Mámoa 1 do Alto de Montouto	Vieiro V2 a 24 m ao W. Gabia a 65 m ao W. Aeroxerador 2 a 190m	Moderado
GA36009066	Mámoa do Alto de Fontefría 4	Gabia a 30m da situación do xacemento desaparecido, no lado contrario de pista existente.	Severo
GA36009067	Mámoa do Alto de Fontefría 5	Gabia a 55 m da situación do xacemento desaparecido, no lado contrario de pista existente.	Severo
GA36009068	Mámoa do Alto de Fontefría 6	Gabia a 60 m da situación do xacemento desaparecido, no lado contrario de pista existente.	Severo
GA36009015	Mámoa do Alto de Fontefría 10	Gabia a 60 m da situación do xacemento	Severo
GA36009043	Mámoa 2 do Alto de Montouto	Vieiro V2 a 68 m ao W. Gabia a 95 m ao W. Aeroxerador 2 a mais de 200 m ao SW	Moderado
GA36009080	Túmulo 14 de Fontefría	Gabia a 70 m, no lado contrario de camiño existente	Severo
GA36009079	Petróglifo do Coto Grande	Obras a 73 m con diferenza de cota altimétrica considerable	Moderado
GA36009044	Mámoa 3 do Alto de Montouto	Vieiro V2 a 105 m ao W. Gabia a 113 m ao W. Aeroxerador 2 a mais de 200 m ao W	Moderado
GA36009009	Mámoa de Fontefría	Pista a acondicionar a 90 m	Moderado
GA36009041	Mámoa do Alto de Fontefría 11	Gabia a 95 m no lado contrario de pista	Moderado
GA36009012	Mámoa do Alto de Fontefría 3	Gabia a 120 m no lado contrario de pista	Moderado



GA36009010	Mámoa do Alto de Fontefría 1	Gabia a 130 m no lado contrario de pista	Moderado
GA36009013	Mámoa do Alto de Fontefría 7	Gabia a 130 m no lado contrario de pista	Moderado
GA36009070	Mámoa do Alto de Fontefría 12	Gabia a 145 m no lado contrario de pista	Compatible
RE36009001	Túmulo de Picouto	Pista forestal existente a acondicionar a 162 m ao W Gabia polo lado oposto do vieiro	Compatible
	Refuxio de Alto da Canda	Gabia a 30m con pista existente intermedia	Compatible
GA36009075	Túmulo 2 de Coto das Xabriñas	Aeroxerador 5 a 240 m	Sen impacto
GA36009076	Túmulo 3 de Coto das Xabriñas	Aeroxerador 5 a 300m	Sen impacto
GA36009078	Mámoa 13 de Fontefría	Gabia a máis de 300m	Sen impacto
GA36009011	Mámoa do Alto de Fontefría 2	Gabia a máis de 220 m	Sen impacto
GA36009008	Castro de Coto de Galos	Gabia a máis de 250 m	Sen impacto
GA36009074	Mámoa de Corzós/ Mámoa 1 de Coto Xabriñas	A aeroxerador a 440 m	Sen impacto
	Cruces do Alto de Montouto	Obras a 200 m	Compatible

Establécense medidas correctoras, tanto de carácter xeral como específicas que considéranse adecuadas. Dentro das medidas xeral contéplase a sinalización dos xacementos existentes na planimetría de obra, a non realización de remocións amoreamentos ou modificacións non previstos no proxecto sen consultar e informar previamente ao equipo de arqueoloxía responsable do control arqueolóxico das obras, a restrición das obras ás áreas sinaladas na planimetría e a prohibición do tránsito e estacionamento de maquinaria fora das áreas habilitadas.

As medidas correctoras específicas propostas, tendo en conta as modificacións introducidas son as seguintes:

COD	ELEMENTO	MEDIDAS CORRECTORAS ESPECÍFICAS	IMPACTO
GA36009017	Mámoa 1 do Alto de Montouto	- Grafado na planimetría de obra do ben e a súa área de protección. - Balizado estable do lado E do vieiro V-2 modificado. - A restauración da pista existente realizarase de forma paralela ao V-2 modificado. - Control arqueolóxico do replanteo e estacado do V-2 modificado. - Control arqueolóxico presencial de todos os traballos de restauración da pista existente, apertura do V-2 modificado, gabia de cableado e da apertura da zapata do A2.	Moderado
GA36009066	Mámoa do Alto de Fontefría 4	- Non se realizará ningún acondicionamento na pista que supoña alterar a rasante actual. - Balizado estable de separación entre pista e xacemento. - Control arqueolóxico da apertura da gabia e do balizado.	Severo
GA36009067	Mámoa do Alto de Fontefría 5	- Non se realizará ningún acondicionamento na pista que supoña alterar a rasante actual. - Balizado estable de separación entre pista e xacemento. - Control arqueolóxico da apertura da gabia e do balizado.	Severo
GA36009068	Mámoa do Alto de Fontefría 6	- Non se realizará ningún acondicionamento na pista que supoña alterar a rasante actual. - Balizado estable de separación entre pista e xacemento. - Control arqueolóxico da apertura da gabia e do balizado.	Severo
GA36009015	Mámoa do Alto de Fontefría 10	Non se permitirán obras de ampliación o mellora da pista en dirección ao túmulo. De ter que realizarse faranse polo lateral este da pista.	Severo





		Control arqueolóxico da apertura da gabia.	
GA36009043	Mámoa 2 do Alto de Montouto	- Grafado na planimetría de obra do ben e a súa área de protección. - Balizado estable do lado E do vieiro V-2 modificado. - A restauración da pista existente realizarase de forma paralela ao V-2 modificado. - Control arqueolóxico do replanteo e estacado do V-2 modificado. - Control arqueolóxico presencial de todos os traballos de restauración da pista existente, apertura do V-2 modificado, gabia de cableado e da apertura da zapata do A2.	Moderado
GA36009080	Túmulo 14 de Fontefría	- Balizado estable de separación entre camiño existente e xacemento. - Posibilidade de sinalizar a prohibición de paso de maquinaria polo camiño intermedio. - Acceso a zona de obra só polo paso sinalizado. - Apertura da gabia con máquina escavadora de con coitela e baixo control arqueolóxico presencial.	Severo
GA36009079	Petróglifo do Coto Grande	- A gabia realizarase o máis preto posible á pista. - Control arqueolóxico presencial das obras.	Moderado
GA36009044	Mámoa 3 do Alto de Montouto	- Grafado na planimetría de obra do ben e a súa área de protección. - Balizado estable do lado E do vieiro V-2 modificado. - A restauración da pista existente realizarase de forma paralela ao V-2 modificado. - Control arqueolóxico do replanteo e estacado do V-2 modificado. - Control arqueolóxico presencial de todos os traballos de restauración da pista existente, apertura do V-2 modificado, gabia de cableado e da apertura da zapata do A2.	Moderado
GA36009009	Mámoa de Fontefría	- Posibilidade de balizado estable de separación no lateral oeste da pista. - Calquera acondicionamento da pista realizarase no lado contrario ao xacemento. - Control arqueolóxico de toas as remocións de terra.	Moderado
GA36009041	Mámoa do Alto de Fontefría 11	- Non se realizarán ningunha ampliación da pista cara ao xacemento. - Toda actuación sobre a pista terá que ser valorada polo equipo de arqueoloxía. - Posibilidade de balizado estable do lado da pista máis próximo ao xacemento. - Control arqueolóxico presencial das obras.	Moderado
GA36009012	Mámoa do Alto de Fontefría 3	- Non se permitirán obras de ampliación o mellora da pista en dirección ao túmulo. De ter que realizarse faranse polo lateral este da pista. - Balizado estable do lado da pista máis próximo ao xacemento. - Control arqueolóxico presencial das obras e do balizado.	Moderado
GA36009010	Mámoa do Alto de Fontefría 1	- Non se permitirán obras de ampliación o mellora da pista en dirección ao túmulo. De ter que realizarse faranse polo lateral este da pista. - Control arqueolóxico presencial das obras.	Moderado
GA36009013	Mámoa do Alto de Fontefría 7	- Non se permitirán obras de ampliación o mellora da pista en dirección ao túmulo. De ter que realizarse faranse polo lateral este da pista. - Control arqueolóxico presencial das obras.	Moderado
GA36009070	Mámoa do Alto de Fontefría 12	- Non se permitirán obras de ampliación o mellora da pista en dirección ao túmulo. De ter que realizarse faranse polo lateral este da pista e será avaliado polo equipo de arqueoloxía. - Posibilidade de balizado estable do lado da pista máis próximo ao xacemento. - Control arqueolóxico presencial das obras.	Compatible
RE36009001	Túmulo de Picouto	- Grafado da referencia na planimetría de obra. - Roza da vexetación (previo permiso dos propietarios da parcela) con con rozadora manual e baixo supervisión arqueolóxica. No	Compatible



		caso de confirmarse a presenza dun xacemento arqueolóxico, se comunicará á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e presentarase una avaliación de impacto e medidas correctoras específicas.	
	Refuxio de Alto da Canda	- Control arqueolóxico das obras. - Posible balizado estable do lado este da pista próxima.	Compatible
GA36009075	Túmulo 2 de Coto das Xabriñas	Sinalización en planimetría de obra.	Sen impacto
GA36009076	Túmulo 3 de Coto das Xabriñas	Sinalización en planimetría de obra.	Sen impacto
GA36009078	Mámoa 13 de Fontefría	Sinalización en planimetría de obra.	Sen impacto
GA36009011	Mámoa do Alto de Fontefría 2	Sinalización en planimetría de obra.	Sen impacto
GA36009008	Castro de Coto de Galos	Sinalización en planimetría de obra.	Sen impacto
GA36009074	Mámoa de Corzós / Mámoa 1 de Coto Xabriñas	Sinalización en planimetría de obra.	Sen impacto
	Cruces do Alto de Montouto	- Sinalización en planimetría de obra - Control arqueolóxico das obras.	Compatible

Cotexados os datos e a planimetría do *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Alto de Montouto (maio 2020)* cos datos e planimetría *Proxecto técnico Parque Eólico Alto de Montouto. Julio 2019*, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

Proxecto Sectorial (remitido o 15.10.2020)

- O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial. Inclúe no seu *Anexo 3 Documento de Síntesis del Estudio de Impacto Ambiental* coas conclusións do *Anexo H Evaluación del Impacto Arqueológico*. No *Anexo 5 Análisis de Compatibilidad Estratégica* sinálase a competencia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para considerar adecuadas as medidas correctoras propostas e modificalas ou amplialas.

Unha vez analizados os documentos (Estudo de impacto ambiental, proxecto sectorial e documentación adicional), pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, compróbase que dentro da poligonal do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que son identificados na Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural (Memoria e anexo), e valorado o seu impacto, establecendo as correspondentes medidas correctoras, que se consideran adecuadas.
- Cotexados os datos e a planimetría do proxecto sectorial cos datos e planimetría do Estudo de Impacto Ambiental compróbase que non existe diferenzas nas características do proxecto. Non obstante, deben modificarse no senso de incorporar as modificacións introducidas na documentación adicional.
- Na planimetría do proxecto sectorial, nos planos de clasificación urbanística proposta (nº 22), non aparecen grafados todos os bens do patrimonio cultural recollidos no Estudo de Impacto Ambiental e nos anexos 3 e 5 do Proxecto Sectorial Parque Eólico Alto do Montouto, nin os seus contornos de protección, aparecendo soamente os bens recollidos no catálogo do PXOM do Concello da Cañiza, aprobado no ano 2003, e no catálogo do PXOM do Covelo, aprobado en 1999.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación e nas consideracións técnicas, infórmanse de xeito



favorable os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Alto de Montouto* (maio 2020) e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Alto de Montouto. Julio 2019*, coas modificacións propostas na documentación adicional, remitida o 18.03.2021 e debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Estudo de Impacto Ambiental, no seu Anexo H e no *Anexo á Memoria de Avaliación de Impacto Arqueolóxico da área de implantación do Parque Eólico Alto de Montouto* (de data 18.03.2021), así como coas seguintes **condicións**:

Respecto ao Estudo de Impacto Ambiental:

- Realizarase o balizado estable de todos os bens do patrimonio cultural sobre os que o proxecto teña impacto severo, moderado e compatible.
- Os elementos incluídos no catálogo e as súas áreas de protección deberán plasmarse na cartografía da obra a unha escala representativa.
- Considéranse axeitadas as propostas de restitución do túmulo da Mámoa 1 do Alto do Montouto (GA36009017) e de sinalización divulgativa, se ben estas intervencións deberán ser obxecto de un proxecto diferente de acondicionamento, conservación e consolidación de xacementos arqueolóxicos.
- Os traballos de construción do parque eólico e a súa liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar apareladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo H do Estudo de Impacto Ambiental. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- De confirmarse a presenza do Túmulo de Picouto, o Concello de A Cañiza deberá incluír o novo elemento identificado no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural, non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas na documentación.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais.

Respecto ao proxecto sectorial:

- Na planimetría de clasificación urbanística proposta se incluírán e grafarán todos os bens patrimoniais recollidos no Estudo de Impacto Ambiental e na documentación do proxecto sectorial, e os seus contornos de protección. A espera da definición das delimitacións de protección específicas e de acordo co art. 38 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia*, para os bens arqueolóxicos establecerase un contorno de protección subsidiario de 200 m medidos desde o vestixio máis exterior do ben.
- Así mesmo, deberán reflectirse na planimetría todos os cambios provocados polas condicións impostas a información favorable do Estudo de Impacto Ambiental.
- Os Concellos de A Cañiza e Covelo deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección.



Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

